

Plan Especial de Protección Civil
ante Emerxencias por Incendios
Forestais na Comunidade
Autónoma de Galicia
PEIFOGA

XANEIRO 2019



ÍNDICE

Fundamentos

1. Antecedentes	4
2. Obxecto e ámbito	4
2.1. Obxecto	4
2.2. Ámbito	4
3. Funcións básicas	5
4. Marco legal	5
5. Marco competencial	6
6. Definicións	7
7. Os plans de actuación municipal	8
7.1. Concepto	8
7.2. Funcións	8
7.3. Contido mínimo	9

Análise do risco

1. Información territorial	10
2. Perigo, vulnerabilidade e zonificación do territorio.....	11
3. Épocas de perigo.	12
4. Índice de gravidade potencial. Situacións dos plans	13

Estrutura e organización

1. Dirección do plan	16
2. Comité asesor	17
3. Gabinete de información	18
4. Cecop/CECOPI	19
5. O posto de mando avanzado.....	19
6. Grupos operativos	20
6.1. Grupo operativo de intervención	20
6.2. Grupo operativo de apoio loxístico e de seguridade	21
6.3. Grupo operativo sanitario	22
7. Estrutura e organización municipal: o CECOPAL	22

Operatividade

1. Notificación e activación do plan	24
2. Procedementos de activación	25
3. Operacións básicas que se han realizar segundo a situación do plan	27
4. Medidas de protección para a poboación	28
5. Medidas de protección para os grupos operativos	29
6.- Coordinación entre o Peifoga e o Plan estatal de incendios forestais	30



Implantación e mantemento

1. Implantación do plan	32
2. Mantemento da operatividade do plan	32
3. Información á poboación	34

Anexos

46

CATÁLOGO DE MEDIOS E RECURSOS

MODELOS DE COMUNICACIÓN

ANÁLISE DO RISCO

GUIA DE PLANIFICACIÓN NO ÁMBITO MUNICIPAL.....



FUNDAMENTOS

1. ANTECEDENTES

O Plan especial de protección civil ante emerxencias por incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia (en diante, Peifoga) foi aprobado pola Orde do 7 de agosto de 1996 (Diario Oficial de Galicia número 170, do 30 de agosto) e foi homologado pola Comisión Nacional de Protección Civil o 18 de decembro de 1996.

A primeira revisión do Peifoga na Comunidade Autónoma de Galicia foi informada favorablemente pola Comisión Galega de Protección Civil o 25 de abril de 2001 e aprobada polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 25 de maio de 2001.

Con data 28 de maio de 2015, trala publicación do Real Decreto 893/2013, do 15 de novembro, polo que se aproba a Directriz básica de planificación de protección civil de emerxencia por incendios forestais, o Consello da Xunta aproba o Plan especial de protección civil ante emerxencias por incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia (PEIFOGA), co que a planificación para este risco, adáptase á nova normativa.

Vista as experiencias adquiridas nos últimos 4 anos, co obxecto de integrar a nova análise de riscos e tendo en conta os cambios normativos e organizativos na Xunta de Galicia, consideráse convinte proceder á súa actualización.

2. OBXECTO E ÁMBITO

2.1. Obxecto

O obxecto do Peifoga é regular a organización, os procedementos de actuación e a utilización, coordinación e mobilización dos medios e dos recursos cuxa titularidade corresponda á comunidade autónoma, así como os que poidan ser asignados a esta por outras administracións públicas ou por outras entidades públicas ou privadas. Todo isto coa máxima eficacia, nas situacións de emerxencia por incendios forestais, en coherencia co principio de que en tales situacións a protección da vida e da seguridade das persoas ha de prevalecer fronte a calquera outro valor.

En consecuencia, preténdese que as actuacións fronte aos incendios forestais non sexa froito da improvisación, senón que estas estean perfectamente definidas, planificadas e coordinadas.

2.2. Ámbito

O ámbito territorial do Peifoga circunscríbese ao territorio de Galicia. Nos casos en que o incendio traspase os límites territoriais da comunidade ou naqueles casos nos que as comunidades autónomas limítrofes se vexan afectadas por incendios forestais e soliciten a activación de recursos dependentes deste plan, terase en conta o indicado no Plan estatal de protección civil para emerxencias por incendios forestais que, no seu punto 5.5.3, desenvolve a organización para o apoio aos plans de comunidades autónomas no caso de que estes o requiran.

Tanto no caso anterior coma no caso de incendios nas comunidades autónomas limítrofes nos que se prevexa que a súa evolución poida afectar o territorio galego, poderase intervenir cos



recursos previstos no presente plan, segundo o acordado nos protocolos de colaboración coas comunidades autónomas limítrofes.

3. FUNCIONES BÁSICAS

O Peifoga desenvolve as seguintes funcións:

- Constitúe a estrutura organizativa e os procedementos para a intervención en emerxencias por incendios forestais, dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Dispón os mecanismos e os procedementos de coordinación co Plan estatal de protección civil de emerxencia por incendios forestais.
- Establece os sistemas de articulación coas organizacións das administracións locais do seu ámbito territorial.
- Zonifica o territorio en función do risco e das previsibles consecuencias dos incendios forestais.
- Establece as épocas de perigo, relacionadas co risco de incendios forestais, en función das previsións xerais e dos diferentes parámetros locais que definen o risco.
- Prevé sistemas organizativos para o encadramento de persoal voluntario.
- Especifica procedementos de información á poboación.
- Cataloga os medios e os recursos específicos á disposición das actuacións previstas.

4. MARCO LEGAL

- Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do estatuto de autonomía para Galicia
- Lei 7/1985, do 2 de abril, de regulación das bases do réxime local
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia
- Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes
- Lei 10/2006, do 28 de abril, pola que se modifica a Lei 43/2003, do 21 de decembro, de montes
- Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
- Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia
- Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia
- Lei 17/2015, de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil.
- Real decreto 1535/84, do 20 de xuño, sobre a ampliación e a adaptación de funcións e servizos do Estado na Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza
- Real decreto 875/1988, do 29 de xullo, polo que se regula a compensación de gastos derivados da extinción de incendios forestais
- Real decreto 407/1992, do 24 de abril, polo que se aproba a norma básica de protección civil
- Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais
- Orde do 18 de abril do 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal
- Orde do 31 de xullo de 2007 pola que se establecen os criterios para a xestión da biomasa vexetal



- Orde do 13 de xuño de 2018 pola que se determina a época de perigo alto de incendios
- Orde do 13 marzo de 2009 sobre a aprobación dos plans de prevención e defensa contra incendios forestais de distrito
- Resolución de 28 de maio de 2015 pola que se publica o plan especial de protección civil ante emerxencias por incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución do 2 de agosto de 2010 pola que se publica o Plan territorial de emerxencias de Galicia (en diante, Platerga)
- Real decreto 1097/2011, do 22 de xullo, polo que se aproba o Protocolo de intervención da unidade militar de emerxencias
- Real decreto 893/2013, do 15 de novembro, polo que se aproba a Directriz básica de planificación de protección civil de emerxencias por incendios forestais
- Resolución do 31 de outubro de 2014, da subsecretaría, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 24 de outubro de 2014 polo que se aproba o Plan estatal de protección civil para emerxencias por incendios forestais.

5. MARCO COMPETENCIAL

5.1. Do plan especial da comunidade autónoma

De acordo coa Lei 2/1985 e coa norma básica de protección civil (artigo 8.2), correspóndelle á comunidade autónoma a responsabilidade de redactar e de aprobar o Peifoga, no ámbito territorial de Galicia, co informe previo da Comisión Galega de Protección Civil.

Cando neste plan se enuncien competencias da Xunta de Galicia, deberá entenderse que, de acordo coa distribución competencial existente, a detección, prevención, vixilancia, extinción e actuacións postincendio son competencia da consellería competente en materia de montes e as actuacións encamiñadas á protección de persoas non implicadas na extinción e/ou na protección de bens culturais, económicos, infraestruturas ou servizos públicos esenciais, ou calquera outro de natureza non forestal, serán competencia da consellería competente en materia de protección civil.

5.2. Do plan especial como plan director

Este plan será a directriz da planificación territorial de ámbito inferior fronte a este risco e establecerá as funcións básicas e o contido mínimo dos plans de actuación municipais.



6. DEFINICIÓNS

Monte. Todo terreo no que vexetan especies forestais arbóreas, arbustivas, de matogueira ou herbáceas, tanto de maneira espontánea ou procedente da sementeira ou da plantación, que cumpran ou poidan cumprir funcións ambientais, protectoras, produtoras, culturais, paisaxísticas ou recreativas, así como as consideradas no artigo 5 da Lei 43/2003, do 21 de novembro.

Incendio forestal. Lume que se estende sen control sobre combustibles forestais situados no monte. Para os efectos desta directriz, terán esta consideración tamén os que se produzan nas áreas adxacentes ao monte ou de transición con outros espazos urbanos ou agrícolas.

Incendio forestal controlado. É aquel no que se conseguiu illar e deter o seu avance e a súa propagación dentro das liñas de control.

Incendio forestal estabilizado. Aquel incendio que, sen chegar a estar controlado, evoluciona dentro das liñas de control establecidas segundo as previsións e os labores de extinción conducentes ao seu control.

Incendio forestal extinguido. Situación na cal xa non existen materiais en ignición en ou dentro do perímetro do incendio nin é posible a reprodución deste.

Índice de gravidade potencial dun incendio forestal (IGP). Indicador dos danos que se prevé que pode chegar a ocasionar un incendio forestal, dadas as condicións en que se desenvolve.

Interface urbano-forestal. Zona na que as edificacións entran en contacto co monte. O lume desenvolvido nesta zona non só pode alcanzar as edificacións, senón que ademais pode propagarse no interior das zonas edificadas, calquera que sexa a causa de orixe.

Zonas de alto risco de incendio (ZAR). Áreas nas que a frecuencia ou a virulencia dos incendios forestais e a importancia dos valores ameazados fan que sexa necesario establecer medidas especiais de protección contra os incendios e que así sexan declaradas pola correspondente comunidade autónoma, de acordo coa Lei 43/2003, do 21 de novembro, modificada pola Lei 10/2006, do 28 de abril.

Perigo de incendio. Posibilidade de que se produza un incendio forestal nun lugar e nun momento determinados.

Índices de perigo. Valores indicativos do perigo de incendio forestal nunha zona determinada.

Vulnerabilidade. Grao de perdas ou danos que poden sufrir, ante un incendio forestal, a poboación, os bens e o medio ambiente.

Risco de incendio. Combinación da probabilidade de que se produza un incendio e as súas posibles consecuencias negativas para as persoas, os bens e o medio ambiente.

Mobilización. Conxunto de operacións ou tarefas que teñen que ver coa posta en funcionamento da actividade de medios, recursos e servizos, para a loita contra incendios forestais.

Zona de actuación preferente. É a área de traballo ordinario asignada a un medio do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para o apoio ás comunidades autónomas na extinción de incendios forestais. É determinada anualmente polo citado ministerio, sen prexuízo da capacidade de cobertura nacional do medio de que se trate.

Cartografía oficial. A realizada polas administracións públicas, ou baixo a súa dirección e control, de acordo coas prescricións da Lei 7/1986 de ordenación da cartografía e do Real decreto 1545/2007 polo que se regula o Sistema Cartográfico Nacional e os instrumentos esenciais daquela. Terá tamén esta consideración calquera infraestrutura de datos espaciais elaborada consonte os principios da Lei 14/2010, do 5 de xullo, sobre as infraestruturas e os servizos de información xeográfica en España (Lisixe), que traspón ao noso ordenamento



xurídico a Directiva 2007/2/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de marzo de 2007, pola que se establece unha infraestrutura de información espacial na Comunidade Europea (Inspire).

Sistema de información meteorolóxica para a estimación do perigo de incendios forestais. É o conxunto de accións e actividades que realiza a Axencia Estatal de Meteoroloxía para dispoñer índices de perigo meteorolóxico para a loita contra os incendios forestais e outras informacións complementarias, así como os procedementos para a súa remisión ao ámbito nacional e ás comunidades autónomas, especialmente en situacións de emerxencia.

SPDCIF: Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais.

AVPC: Agrupación de Voluntarios de Protección Civil.

PAM: Plan de actuación municipal.

Cecop: Centro de Coordinación Operativa.

CECOPI: Centro de Coordinación Operativa Integrada.

GIPCE: Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias.

Peifoga: Plan especial de protección civil ante emerxencias por incendios forestais en Galicia.

CCC: Centro de Coordinación Central do SPDCIF.

CCP: Centro de Coordinación Provincial do SPDCIF.

CCD: Centro de Coordinación de Distrito do SPDCIF.

Pladiga: Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

7. OS PLANS DE ACTUACIÓN MUNICIPAL (PAM)

7.1. Concepto

O PAM establece a organización e as actuacións dos recursos e servizos propios, co obxecto de lles facer fronte ás emerxencias por incendios forestais, dentro do seu ámbito territorial.

Aqueles municipios con todo ou parte do seu territorio en zonas ZAR, así como aqueles con risco alto ou moi alto, deberán redactar o PAM.

7.2. Funcións

As funcións básicas dos plans de actuación municipal serán:

- a) Prever a estrutura organizativa e os procedementos para a intervención en emerxencias por incendios forestais, dentro do territorio do municipio, en coordinación cos grupos operativos previstos no plan especial.
- b) Establecer sistemas de articulación coas organizacións doutras administracións segundo as previsións do Peifoga en que se integran.
- c) Zonificar o territorio en función do risco e das posibles consecuencias dos incendios forestais, en concordancia co que estableza o Peifoga, delimitar áreas segundo posibles requirimentos de prevención e intervención e despregamento de medios e recursos, así como localizar a infraestrutura física que hai que utilizar nas operacións de emerxencia.
- d) Establecer medidas de información e formación á poboación sobre o risco de incendio forestal, así como sobre as medidas de autoprotección que se pretenden utilizar en caso de emerxencia por incendios forestais.
- e) Catalogar os medios e os recursos específicos para a posta en práctica das actividades previstas.



f) Poñer en marcha medidas de autoprotección dos núcleos urbanos e das edificacións encamiñadas a evitar o risco de interface urbano-forestal, a través da creación e do mantemento de franxas perimetrais.

7.3. Contido mínimo

O contido mínimo dos plans de actuación municipal será o seguinte:

- Obxecto e ámbito territorial do plan.
- Descrición territorial, con referencia á súa delimitación e situación xeográfica, distribución da masa forestal e núcleos de poboación, urbanizacións, lugares de acampada e industrias existentes en zona forestal.
- Catalogación das situacións de interface urbano-forestal e o seu risco asociado, para a planificación preventiva e a xestión de emerxencias por incendio forestal.
- Descrición e localización de infraestruturas de apoio para os labores de extinción, tales como vías de comunicación, pistas, camiños forestais e devasas, puntos de abastecemento de auga, zonas de aterraxe de helicópteros etc.
- Organización local para a loita contra os incendios forestais e para lles facer fronte a situacións de emerxencia nas distintas fases desta (detección e notificación do incendio, actuación en emerxencia por incendio forestal, fin da emerxencia por incendio forestal), coa asignación das funcións que han desenvolver os distintos compoñentes desta, incluído o persoal voluntario, e tendo en conta a súa posible articulación e coordinación coas organizacións doutras administracións, se as previsibles consecuencias do incendio así o requiren.
- Procedementos operativos da organización, a súa relación coa alarma sobre incendios. As actuacións previas á constitución do posto de mando avanzado e as posteriores a esta.
- Especificación de actuacións básicas e procedementos de información á poboación para a súa autoprotección, evacuación e albergue.
- Procedemento específico para a xestión e as actuacións e para a evacuación da poboación en emerxencias por incendios forestais.
- Especificación de actuacións básicas de apoio loxístico.
- Catalogación dos recursos dispoñibles para a posta en práctica das actividades previstas.
- Fomento das actuacións de promoción, difusión e control da autoprotección corporativa e cidadá.

Nos plans municipais incluíranse como anexos os plans de autoprotección que fosen confeccionados dentro do seu ámbito territorial, de acordo co previsto no artigo 23 da Lei 3/2007.



ANÁLISE DO RISCO

1. INFORMACIÓN TERRITORIAL

CLIMATOLOXÍA

Galicia vese afectada de modo bastante regular, excepto no verán, polos sistemas nubrados procedentes do Atlántico, co paso de sucesivas borrascas e do seu cortexo de fronteas cálidas e frías, con frecuentes xiros de vento do sur e do suroeste ao noroeste e abundantes precipitacións.

No verán, prodúcese un desprazamento dos cintos de vento e Galicia queda baixo o dominio das calmas subtropicais. Paralelamente, o anticiclón das Azores desprázase e esténdese cara ao oeste, de xeito que lles corta o paso ás borrascas atlánticas, que se desprazan máis ao norte. Os ventos nesta época son en xeral débiles e están moi influídos por particularidades locais, co predominio dos de compoñente noroeste, norte e nordeste.

OROGRAFÍA

En Galicia enuméranse cinco grandes unidades morfolóxicas: o litoral, as superficies de aplanamento, as depresións tectónicas, os cordais e, como nexos de unión entre elas, os vales fluviais.

Entre o litoral e as serras centro-occidentais, destacan as planicies galegas, que van dos 100 aos 700 m. Preto do litoral, o encaixe da rede fluvial xera un relevo movido de vales e outeiros encadeados.

Os bloques máis altos de Galicia constitúen as serras, situadas en xeral por encima dos 700 m. A cota máxima é de 2124 m en Pena Trevinca e, por encima dos 1000 m, están tamén Pena Loura e Cuíña. Hai pequenas serras por debaixo desta altitude e convén diferenciar as serras centro-occidentais (desde A Faladoira ata O Faro de Avión, pasando por Serra da Loba, a Cova da Serpe, O Careón, O Farelo, O Faro, O Suído e Montes do Testeiro), as setentrionais (destaca o macizo do Xistral) e as orientais ou surorientais (a serra dos Ancares, O Courel, O Eixe, o macizo de Manzaneda e o macizo de Trevinca, a Serra de Queixa, a Serra de San Mamede, O Burgo, As Corzas e os Montes do Invernadoiro).

Os vales galegos, pola súa disposición respecto ao mar, representan un medio natural de penetración da influencia oceánica no interior e adoitan ser a continuación das rías que achegan os ventos atlánticos e cantábricos. Con todo, os vales do Sil e do Támega permiten o paso dos caracteres mediterráneos mesmo ao val de Lemos. A influencia oceánica déixase notar moito máis nos grandes vales con orientación O-E, coma o Tambre, o Ulla e o Miño, do que é mostra a suavidade do clima do baixo Deza ou do Mandeo.

Nos vales surorientais, á sequidade do verán únenselle as elevadas temperaturas, mentres que no inverno son moi frecuentes as inversións térmicas e as néboas persistentes, de modo que son correntes os días nos que o val está cuberto e uns 300 m e máis arriba loce o sol en todo o seu esplendor.

**USOS DO CHAN**

A distribución de usos do chan na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o documento de Revisión do Plan Forestal de Galicia, é a seguinte:

Uso de só superficie (ha) %

USO DO CHAN	SUPERFICIE (Ha)	%
Forestal	2.030.681,0	68,7
Agrícola	822.626,9	27,8
Outros terreos	104.139,6	3,5
Total	2.957.447,5	100,00

Fonte: Consellería de Medio Rural

Do total da superficie forestal, máis do 70% (1.424.094,2 ha) corresponde a superficie arborada, que está constituída nun 31 % por coníferas, nun 51 % por frondosas (autóctonas e alóctonas) e nun 18 % pola mestura de ambas.

ESPAZOS NATURAIS PROTEXIDOS

A Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos representa máis do 13 % da superficie total galega. No anexo III, atópase o mapa coa rede completa de espazos protexidos, nos que destaca o Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, os parques naturais da Baixa Limia-Serra do Xurés, o Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, as Fragas do Eume, o Monte Aloia, O Invernadoiro e a Serra da Enciña e da Lastra.

2. PERIGO, VULNERABILIDADE E ZONIFICACIÓN DO TERRITORIO

O incendio forestal defínese como o lume que se estende sen control sobre combustibles forestais situados no monte.

Para a análise do risco estúdanse as circunstancias ou os factores que facilitan a ignición e que contribúen á propagación do lume.

O estudo da frecuencia e da causalidade da serie histórica de incendios forestais achega o compoñente para o cálculo do risco estatístico de incendios.

A capacidade dos combustibles para manter e estender o lume define a súa combustibilidade e a intersección mediante sistemas de información xeográfica dos parámetros estatísticos e o perigo determinan o risco potencial de incendio forestal, co obxectivo de definir as zonas de alto risco.

A especial configuración de Galicia fai practicamente inviable unha análise de vulnerabilidade no ámbito global que recolla aspectos sobre os seguintes tipos xenéricos de valores que cómpre protexer:

- A vida e a seguridade das persoas.
- Valores de protección de infraestruturas, instalacións e zonas habitadas.
- Valores económicos.
- Valores de protección contra a erosión do chan.
- Valores paisaxísticos.
- Patrimonio histórico-artístico.

Unha análise aceptable dos devanditos aspectos soamente se pode realizar no eido municipal, onde se relacionarán os espazos protexidos, os núcleos de poboación, as urbanizacións, os



lugares de acampada etc. e, para a análise da vulnerabilidade, no Peifoga teranse en conta os espazos naturais protexidos.

As zonas de alto risco potencial de incendio forestal (en diante, zonas ZAR) son as superficies onde se recoñece como prioritaria a aplicación de medidas máis rigorosas de defensa contra os incendios forestais ante o elevado risco de incendio, pola especial frecuencia ou virulencia dos incendios forestais ou pola importancia dos valores ameazados. Determínanse con base nos criterios da información histórica e nos datos estatísticos sobre a ocorrencia de incendios forestais, vulnerabilidade poboacional, ameazas aos ecosistemas forestais e protección do chan fronte á erosión.

Tal e como se establece no artigo 11 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, as zonas ZAR defínense mediante orde da consellería competente en materia forestal.

A listaxe destas zonas atópase no anexo III e publicouse na Orde de 18 de abril de 2007 pola que se zonifica o territorio tendo en conta o risco espacial de incendio forestal.

ZONIFICACIÓN DO TERRITORIO

Para os efectos de prevención e defensa contra os incendios forestais, a zonificación do territorio son provincias, distritos forestais, demarcacións forestais e municipios, a partir da Resolución do 27 de decembro, publicada non DOG número 250, do 29 de decembro de 1999.

Os 19 distritos ambientais integran as funcións de execución sobre o territorio, de xestión e fomento forestal, de prevención e defensa contra incendios forestais, así como de extinción no seu ámbito, e constitúense como unidades administrativas. O mapa de distritos atópase no anexo III.

Polo tanto, dado que en todo o territorio existe en maior ou menor medida o perigo dun incendio forestal, conclúese que a mellor maneira de zonificar o territorio é seguir o criterio administrativo dos distritos, pois permite unha organización adecuada dos recursos dispoñibles. En canto á zonificación dos medios e dos recursos que colaboran e actúan en caso de perigo para a poboación ou bens de natureza non forestal, esta será de carácter provincial, en consonancia co establecido no Plan territorial de emerxencias Galicia (Platerga).

3. EPOCAS DE PERIGO

Da análise espazo-temporal dos incendios nos últimos 10 anos (anexo III) conclúese a existencia de dous períodos de alta actividade incendiaria claramente diferenciados:

Un fixo na época estival, que se corresponde normalmente coa campaña de incendios dos meses de xullo, agosto e setembro.

Un variable, entre os meses de febreiro, marzo e abril.

En función do anterior, establécense as distintas épocas de perigo:

Época de perigo alto:

Na que o despregamento dos medios de extinción e alerta deberán ser os máximos, en función da avaliación do risco e da vulnerabilidade. A previsión do Pladiga comprende con carácter xeral os meses de xullo, agosto e setembro, máis un período adicional de aproximadamente un mes en función das condicións meteorolóxicas e do risco.

Época de perigo medio:

Na que os medios de detección e extinción permanecerán en alerta cun despregamento reducido. Aplicaranse medidas restritivas para o uso do lume en terreos forestais ou agrícolas. A



época de perigo medio comprende, con carácter xeral, os meses de febreiro, marzo, abril, maio, xuño e outubro, aínda que calquera destes meses pode pasar a formar parte doutra época de perigo distinta cando as circunstancias así o requiran.

Época de perigo baixo:

Aquela na que non é preciso adoptar precaucións especiais e o despregamento de medios será o adecuado ao nivel de risco previsto nas diferentes zonas. Con carácter xeral, comprende os meses de xaneiro, novembro e decembro. Do mesmo xeito ca no caso anterior, calquera destes meses pode pasar a formar parte doutra época de perigo distinta cando as circunstancias así o requiran.

En calquera destas épocas de perigo deberase considerar a posibilidade de situacións especiais, derivadas das condicións meteorolóxicas ou doutras circunstancias agravantes do risco, que obriguen a intensificar a vixilancia preventiva e a máxima utilización dos medios previstos. Para iso, o departamento con competencia en materia forestal elabora diariamente o índice de risco diario de incendio forestal (IRDI), que se elabora a partir do estudo da temperatura, do vento, da humidade relativa ou das precipitacións, xunto co estado da biomasa vexetal ou da situación dos distintos chans en todo o territorio galego. Todos estes datos analízanse a través dun modelo estatístico e plásmanse nun mapa onde se diferencian por cores os cinco niveis nos que se clasifica o risco de incendio (baixo, moderado, alto, moi alto e extremo).

Tamén se conta co sistema de información meteorolóxica para incendios forestais, desenvolvido por Aemet, e que está baseado unicamente en factores meteorolóxicos. O sistema ten en conta a humidade dos combustibles mortos presentes no chan e no subsolo, que se estiman a partir dos seus valores de partida e dos campos meteorolóxicos analizados e previstos: temperatura, humidade relativa, vento e precipitación. O vento previsto úsase tamén para estimar a intensidade de propagación dun lume.

4. ÍNDICE DE GRAVIDADE POTENCIAL DUN INCENDIO FORESTAL E SITUACIÓNS OPERATIVAS

En función da topografía da zona, das dimensións do incendio, dos combustibles existentes, das características das masas forestais ameazadas, das infraestruturas de defensa contra incendios (devasas, rede viaria, reservas e puntos de auga etc.), das condicións meteorolóxicas reinantes (vento, temperatura, humidade relativa), das posibles ameazas potenciais para as persoas non relacionadas cos labores de extinción, da presenza de instalacións e infraestruturas sensibles (tendidos eléctricos, gasodutos, estradas principais...), os incendios forestais clasifícanse segundo o seu nivel de gravidade potencial, mediante a seguinte escala:

Índice de gravidade potencial 0: referido a aquel incendio en que, na súa evolución máis desfavorable, non hai ameaza ningunha para aquelas persoas non relacionadas co dispositivo de extinción, nin para bens distintos aos de natureza forestal, e o dano forestal esperable é moi reducido (pola extensión do incendio ou polas características da masa afectada).

Índice de gravidade potencial 1: referido a aquel incendio en que, na súa evolución máis desfavorable, se prevé a necesidade de poñer en práctica medidas para a protección de persoas alleas ao dispositivo de extinción e existen bens illados ameazados de natureza non forestal (infraestruturas sensibles ou redes de subministracións), e o dano forestal esperable é considerable (pola extensión do incendio ou polas características da masa afectada).



Índice de gravidade potencial 2: referido a aquel incendio en que, na súa evolución máis desfavorable, se prevé unha ameaza seria dos núcleos de poboación ou das infraestruturas de especial importancia, e o dano forestal esperable é moi importante (pola extensión do incendio ou polas características da masa afectada), de xeito que se fai necesario adoptar inmediatamente medidas para a atención e o socorro da poboación ou para a protección dos bens.

Índice de gravidade potencial 3: referido a aquel incendio en que, unha vez apreciadas as circunstancias anteriores no seu índice máximo de gravidade, concorren outras sobre o dispositivo de extinción que imposibilitan continuar co labor encamiñado ao control do incendio.

O índice de gravidade potencial dos incendios establecerá o centro de coordinación central do SPDCIF, a proposta do director técnico de extinción.

A situación operativa dos plans será consecuencia dos danos ocorridos ou do dano potencial que, de forma técnica e realista, se prevé que pode chegar a ocasionar (índice de gravidade potencial) e da dispoñibilidade de medios e recursos dispostos, e teranse en conta ademais outros criterios relativos a:

- A simultaneidade temporal e/ou a concentración espacial de conatos ou incendios forestais que poderían ter lugar nun espazo territorial determinado.
- A suficiencia, idoneidade e disposición dos medios e recursos cos que conte o plan para o control do incendio e/ou para a atención e o socorro da poboación afectada.
- A estacionalidade temporal, así como a activación e posta en servizo dos dispositivos de prevención e extinción de incendios forestais determinados nos plans.
- Outras circunstancias de índole administrativa por razón do espazo territorial afectado, ou pola intensidade e/ou a gravidade das consecuencias sobrevidas ou potenciais sobre as persoas e os seus bens.
- Calquera outra a criterio da autoridade a quen lle corresponda a dirección do plan activado correspondente.

Atendendo aos criterios anteriores, as situacións operativas do Peifoga son:

Situación 0: situación de emerxencia provocada por un ou varios incendios forestais que, na súa evolución previsible, poidan afectar só bens de natureza forestal e poidan ser controlados cos medios e recursos do propio plan local ou da comunidade autónoma, incluídos os medios do Estado, a condición de que estes últimos actúen dentro da súa zona de actuación preferente. A situación 0 corresponderá con carácter xeral a incendios con IGP0.

Situación 1: situación de emerxencia provocada por un ou varios incendios forestais que, na súa evolución previsible, poidan afectar gravemente bens forestais e, se é o caso, levemente a poboación e os bens de natureza non forestal e que poidan ser controlados cos medios e recursos do plan da comunidade autónoma, ou para cuxa extinción poida ser necesario que, a solicitude do órgano competente da comunidade autónoma e tras a valoración da Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior ou da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e Política Forestal do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, segundo corresponda, sexan incorporados medios extraordinarios.



O plan activarase en situación 1 para incendios IGP0 cando sexa necesaria a incorporación de medios extraordinarios, ou ben para incendios IGP1, declarados así porque o dano esperado é considerable, pola extensión do incendio ou polas características da masa afectada, pero nos que non é necesario poñer en práctica medidas de protección dirixidas á poboación allea ao dispositivo de extinción.

Situación 2: situación de emerxencia provocada por un ou varios incendios forestais que, na súa evolución previsible, poidan afectar gravemente a poboación e os bens de natureza non forestal, e que esixen a adopción inmediata de medidas de protección e socorro. Pode ser necesario que, a solicitude do órgano competente da comunidade autónoma, sexan incorporados medios extraordinarios ou que poden comportar situacións que deriven cara ao interese nacional.

O plan activarase en situación 2 para incendios IGP1 ou superiores cando a cualificación veña motivada pola afección á poboación e aos bens de natureza non forestal (vías principais de comunicación e redes principais de subministración) e sexa necesario adoptar medidas de protección dirixidas á poboación, tales como evacuación e/ou albergue.

A cualificación da situación operativa do plan será establecida polo director do plan a través do centro de coordinación central do SPDCIF para as situacións 0 e 1 e, polo delegado territorial da Xunta de Galicia na provincia que estea afectada polo lume, para a situación 2, a proposta do centro de coordinación central do SPDCIF. Esta cualificación poderá variar de acordo coa evolución do incendio. Así mesmo, a situación operativa 1 será comunicada ao organismo competente en materia de protección civil, a través do CAE112.

Situación 3: situación de emerxencia correspondente e consecutiva á declaración de emerxencia de interese nacional polo Ministerio do Interior. Efectuarase por propia iniciativa ou a instancia do conselleiro competente en materia de protección civil ou do delegado do Goberno en Galicia.



ESTRUTURA E ORGANIZACIÓN

1. DIRECCIÓN DO PLAN

A dirección do plan, tendo en conta o marco competencial, dependerá da situación operativa:

SITUACIÓN OPERATIVA	DIRECCIÓN
0 e 1	Responsable do departamento competente en materia forestal designada no Pladiga
2	Delegado territorial da provincia afectada polos incendios forestais
3	Comité de dirección, formado por un representante do Ministerio de Interior (delegado do Goberno), a quen lle corresponderá dirixir as actuacións de todas as administracións públicas, e polo conselleiro competente en materia de protección civil

As funcións xerais que desempeñará o director do plan dependerán da situación operativa na que se atope o Peifoga. Con carácter xeral, son as seguintes:

- Declarar a activación do Peifoga.
- Declarar as situacións establecidas neste plan.
- Decidir as actuacións xerais que teñan que ver coa planificación da xestión do incendio e coa protección das persoas e dos bens.
- Mobilizar e desmobilizar recursos.
- Determinar e coordinar a información dirixida á poboación, tanto a información destinada a adoptar medidas de protección, como as noticias sobre a situación da emerxencia.
- Decretar a evacuación das persoas alleas ás tarefas de extinción, cuxa seguridade poida chegar a verse afectada polos incendios forestais, para o que se ha determinar previamente o seu destino e o modo de traslado ata unha zona segura.
- Determinar as medidas que hai que adoptar, co fin de preservar os bens culturais, económicos, as infraestruturas ou os servizos públicos esenciais.
- Solicitar da Administración xeral do Estado a constitución dun comité de dirección, coa incorporación do delegado do Goberno en Galicia, naqueles casos en que se considere necesario.
- Solicitar, a través do CAE112, a activación de recursos de administracións alleas á comunidade autónoma.
- Informar, a través do CAE-112, a Delegación do Goberno en Galicia no momento en que o plan especial estea en situación 1 ou superior.
- Declarar a desactivación do plan.



2. COMITÉ ASESOR

En función da situación declarada, o director do plan, se o considera oportuno, reunirá o comité asesor, na súa totalidade o en parte.

Funcións:

- Asesorar o director do plan en cada nivel de gravidade sobre as actuacións tendentes a minimizar os efectos dos incendios forestais e a súa pronta extinción.
- Colaborar co director do plan na activación de medios e recursos especiais requiridos polos grupos operativos.

Estará constituído por:

SITUACIÓN OPERATIVA	COMITÉ ASESOR
0 e 1	Gabinete de crise previsto no Pladiga
2	Representantes dos municipios afectados Xefe territorial da consellería competente en materia de protección civil Xefe territorial da consellería competente en materia de defensa fronte a incendios forestais Un representante da Subdelegación do Goberno Representantes dos grupos operativos
3	Determinado no plan estatal

A xuízo do director do plan en situación 2, tamén poderán incorporarse os xefes territoriais das consellerías competentes en materia de estradas, obras públicas, industria, saúde pública e/ou medio ambiente.

Permanecerán no Cecop ou ben manteranse en contacto co director do plan a través de medios telemáticos e/ou telefónicos.

3. GABINETE DE INFORMACIÓN

Depende directamente da dirección do plan.

O gabinete de información constitúe o órgano a través do cal se canaliza e difunde a información de carácter oficial relativa ao incendio. Para iso, solicitará e tratará os datos facilitados polo técnico de garda do sistema integrado de emerxencias de Galicia e o xefe e/ou técnico de garda do centro de coordinación central.

A composición do gabinete de información depende da situación:



SITUACIÓN	COMPOSICIÓN
0 e 1	Responsable do gabinete de prensa da consellería competente de incendios forestais
2	Responsables de prensa da consellería competente en materia de incendios forestais, da consellería competente en materia de protección civil e do gabinete de prensa da delegación territorial da Xunta de Galicia na provincia, coa colaboración de responsables de prensa dos municipios afectados e un responsable de Prensa da Subdelegación do Goberno na provincia
3	Responsable do gabinete de prensa da Delegación do Goberno, coa colaboración dos responsables de prensa das consellerías competentes en materia de protección civil e en incendios forestais e responsables de prensa dos municipios afectados

Para o desenvolvemento das súas funcións con relación á adopción de medidas de información á poboación, poderán solicitar o apoio de persoal adscrito ao Gipce.

Funcións:

- Información destinada á adopción de medidas de protección:
 - Centralizar, elaborar e transmitir as informacións emanadas do director do plan dirixidas ás poboacións afectadas.
 - Coordinar os medios de difusión social e solicitar, en caso necesario, medios extraordinarios para garantir que as informacións e as consignas cheguen aos destinatarios previstos.
 - Obter, centralizar e facilitar toda a información relativa a posibles afectados, e posibilitar os contactos familiares e a localización do persoal.
- Información destinada ao coñecemento da situación:
 - Solicitar e centralizar as informacións relativas ás dimensións e ás consecuencias dos incendios, e serán os medios de difusión as que canalicen aquelas que o director do plan estime convenientes.
 - Aclarar aquelas informacións non veraces que poidan causar desinformación ou alarma inxustificada na poboación.

4.- CECOP/CECOPI

O centro de coordinación operativa (Cecop) é o centro de mando das emerxencias que conta cos medios humanos e técnicos que permiten realizar as funcións de dirección e coordinación de recursos, ademais de asegurar as comunicacións co posto de mando avanzado (PMA) e, en xeral, cos medios externos que puidesen verse implicados na emerxencia.

O Cecop situarase en función da situación:

SITUACIÓN DO PLAN	LOCALIZACIÓN CECOP
SITUACIÓN 0 E 1	CCC/CCD/CCP (segundo Pladiga)
SITUACIÓN 2	CCP
SITUACIÓN 3 (CECOPI)	CAE112



En calquera das situacións, e a xuízo do director do plan, poderase situar nas inmediacións da emerxencia.

Cando as funcións de dirección e coordinación sexan exercidas dentro dun comité de dirección, quedará constituído o Cecop como centro de coordinación operativa integrado (CECOPI).

A coordinación entre o Cecop-CECOPI e o Ministerio do Interior farase a través da Delegación do Goberno ou, se é o caso, da subdelegación do Goberno correspondente, tanto para a solicitude de medios non previstos no plan coma para facilitar as informacións oportunas.

En incendios forestais que afecten a dúas provincias, cando o plan se atope en situación 2, a localización do Cecop será determinada polo director xeral competente en materia de protección civil.

Así mesmo, no caso de declaración de situación 2 por mor de incendios con perigo para personas e bens non forestais en máis dunha provincia simultaneamente, e a criterio do director xeral competente en materia de Emerxencias, se poderá establecer no CIAE112 un centro de coordinación dirixido polo máximo responsable da Dirección xeral de Emerxencias e Interior, co obxecto de coordinar todas as actuacións na Comunidade Autónoma. Este centro de coordinación estará en contacto permanente cos CECOPs provinciais.

Neste centro, ademais do director xeral, actuarán en calidade de asesores os membros da Comisión Galega de Protección Civil que sexan convocados en función do ámbito territorial da emerxencia e outros expertos na materia.

5. O POSTO DE MANDO AVANZADO (PMA)

É o centro de mando de carácter técnico, que se constituirá próximo ao lugar do incendio e desde o cal se dirixirán e coordinarán as actuacións dos grupos operativos, de acordo coas ordes indicadas polo director do plan.

Estará composto polos xefes dos grupos operativos desprazados á zona do accidente.

En situación 0 e 1, a constitución do PMA será establecida conforme ao Pladiga.

O director do PMA en situación 2 será designado polo director do plan de entre o persoal técnico presente no incendio ou ben que sexa requirido para a súa actuación como responsable do PMA.

En situación 3, corresponderalle ao comité de dirección nomear o director do PMA.

En función da situación-nivel de gravidade declarada e, polo tanto, dos medios e recursos necesarios para lle facer fronte á emerxencia, o posto de mando avanzado pode estar constituído por:

- Director técnico de extinción
- Responsable do servizo de emerxencias da provincia ou persoa que o substitúe
- Responsable do servizo de extinción de incendios e salvamento
- Responsables de protección civil nos concellos afectados
- Representante do grupo de apoio loxístico e seguridade
- Representante do grupo sanitario
- Representante do grupo de seguridade
- Representante da UME



- Representantes doutros servizos actuantes

6. GRUPOS OPERATIVOS

Para a execución das accións previstas neste plan e ante unha emerxencia por incendio forestal constitúense total ou parcialmente os seguintes grupos operativos:

- Grupo de intervención.
- Grupo de apoio loxístico e seguridade.
- Grupo sanitario.

6.1. GRUPO DE INTERVENCIÓN

Constitúeno o conxunto de medios materiais e humanos cuxa actuación principal son as operacións de detección e extinción. As distintas unidades actúan baixo os seus mandos naturais e todas baixo a dirección do director técnico de extinción.

Funcións:

a) De detección e aviso:

- Descubrir focos ou indicios de posibles incendios forestais.
- Localizar xeograficamente os focos detectados.
- Comprobar esta información e comunicala rápida e eficazmente ao CCP, a través do 085, achegando datos sobre a natureza do incendio, o estado atmosférico, a posible evolución da situación e o acceso máis idóneo para o comezo da extinción.

b) De extinción:

- Propoñer a constitución do posto de mando avanzado en caso de que sexa necesario.
- Avaliar, reducir e extinguir os incendios forestais.
- Defender as persoas e os bens que poidan verse ameazados polo incendio.

Composición do grupo:

O grupo estará composto polos recursos humanos e materiais utilizables na extinción de incendios forestais que sexan necesarios en cada nivel e situación e dependerán dos seguintes organismos e institucións:

- Departamento da Xunta de Galicia responsable da extinción dos incendios forestais.
- Consorcios de bombeiros.
- Concellos.
- Recursos doutras comunidades autónomas que poidan ser activados.
- Ministerio competente en materia de medio ambiente.
- Forzas Armadas e, en especial, a Unidade Militar de Emerxencias.
- Outros medios previstos en función dos convenios subscritos de colaboración coas comunidades autónomas, asistencia recíproca interrexional en Emerxencias etc.

Dirección do grupo:

Correspóndelle ao director técnico de extinción, para todas as situacións declaradas, a dirección do grupo. Será un responsable designado para o efecto polo departamento competente en materia de extinción de incendios forestais.

No caso de que o incendio forestal chegue a afectar zonas habitadas, a dirección da intervención para o control e a extinción dos incendios urbanos corresponderalle, dentro do ámbito das súas funcións e competencias, ao mando do parque de bombeiros de maior gradación presente no núcleo habitado afectado polo lume.

6.2. GRUPO DE APOIO LOXÍSTICO E SEGURIDADE



Este grupo estará coordinado polo xefe do servizo de emerxencias da provincia que está formado por dúas unidades básicas:

Unidade operativa de seguridade:

Funcións:

- Seguridade cidadá.
- Control de accesos, de xeito que non poidan acceder as persoas non desexables na extinción.
- Colaborar nas evacuacións ou nos confinamentos que se ordenen.
- Regulación do tráfico, tanto nas estradas coma nos camiños.
- Facilitar a conducción, tanto por estrada coma nos camiños, dos medios de extinción ás zonas sinaladas pola dirección dos traballos.
- Cooperar nos avisos á poboación.

Composición do grupo:

- Garda Civil
- Policía nacional
- UPA
- Policías locais

O mando do subgrupo de seguridade corresponderalle ao membro de maior gradación presente na zona do incendio competente no ámbito territorial afectado.

En situación 3, será designado pola Delegación ou Subdelegación do Goberno en Galicia.

Unidade operativa de apoio loxístico

Funcións:

- Avisar a poboación.
- Executar as evacuacións e os confinamentos decretados.
- Colaborar coa unidade militar de emerxencias, en caso de que sexa necesario, para o estacionamento dos medios e a localización do campamento.
- Organizar albergues, auxilio de material e socorro alimentario dirixido á poboación.
- Levar o control sobre os datos de estado e a localización das persoas afectadas.

Composición do grupo:

A unidade operativa estará composta polas AVPC do municipio e municipios limítrofes e polos recursos humanos e materiais necesarios para atender as necesidades da poboación afectada, coordinado pola persoa do municipio designada para ese efecto polo alcalde.

Poderán integrarse tamén, a solicitude do xefe de grupo, os seguintes medios:

- Equipo de resposta inmediata en emerxencia de albergue de Cruz Vermella.
- Calquera outro organismo, empresa ou institución con recursos loxísticos aplicables.



6.3. GRUPO SANITARIO

Cando a situación o requira ou o aconselle, ou a solicitude do director do plan, logo do requirimento expreso e motivado do director técnico de extinción, constituirase o grupo sanitario.

Funcións:

- Triaxe e atención de accidentados e feridos, sexa persoal dedicado á extinción do incendio ou poboación en xeral.
- Traslados de accidentados ou feridos.
- Acomodo e atención de feridos nos centros sanitarios.
- Atención psicolóxica e social.

Composición do grupo:

O grupo estará composto polos recursos humanos e os materiais que sexan necesarios en cada nivel e situación para atender as necesidades sanitarias dos intervenientes no incendio e da poboación afectada, dependentes dos seguintes organismos e institucións:

- 061
- Helicópteros medicalizados
- GIPCE
- Medios sanitarios pertencentes a Cruz Vermella

En caso de que sexa necesario, incluírase no grupo sanitario o ERIE de atención psicosocial de Cruz Vermella, que actuará baixo o mando do GIPCE.

Dirección do grupo:

Correspóndelle ao responsable do 061 designar en cada caso a persoa que dirixa o grupo, en función do ámbito territorial que se vexa afectado polo lume. A atención psicolóxica e social será en todas as situacións do plan coordinada por GIPCE.

Activación preventiva de recursos sanitarios

A extinción de incendios forestais poderá requirir un número elevado de efectivos de extinción, en función da duración do incendio ou de se son esperables especiais condicións de dificultade de extinción.

Nestas circunstancias, a solicitude do director do plan no nivel de gravidade en que se atope o incendio, poderá considerarse a activación dunha ambulancia como medida preventiva para atender os posibles accidentados entre os intervenientes na extinción.

A activación preventiva destes recursos sanitarios solicitaráa o director do plan, a través do CAE-112.

7. ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN MUNICIPAL: O CECOPAL

O CECOPAL é o órgano de coordinación municipal das actuacións que deben desenvolverse nun municipio en situación de emerxencia.

A composición e funcións propias do CECOPAL estarán establecidas nos plans de actuación municipal.

O CECOPAL está composto por:

- O director do PAM
- O comité asesor
- O gabinete de información
- O centro de comunicacións



O CECOPAL poderá constituírse en situación de emerxencia, por decisión propia do director do PEMU/PAM ou a requirimento do director do plan especial.

As funcións do director do CECOPAL son:

- Activar todos os servizos e recursos municipais necesarios na xestión da emerxencia.
- Coordinar os servizos e recursos do municipio.
- Apoiar a actuación dos grupos operativos previstas no presente plan.
- Manter a comunicación co CAE112 / CECOP e solicitar, se é o caso, a intervención de medios e recursos externos ao municipio.
- Aplicar as medidas de protección á poboación (afastamento, confinamento, evacuación e avisos á poboación), de acordo coas directrices do director do plan e conforme ao previsto no PEMU ou no PAM).

O CECOPAL centralizará a recepción de peticións e necesidades que lle solicite o responsable da unidade de apoio loxístico e velará pola rápida e eficaz subministración dos recursos e medios municipais solicitados. A súa localización será nas dependencias municipais que se consideren oportunas.



OPERATIVIDADE

A operatividade inclúe todos aqueles procedementos preestablecidos de actuación en función do nivel de gravidade do incendio, do ámbito territorial afectado, así como dos medios e dos recursos que se vaian mobilizar.

1.- NOTIFICACIÓN E ACTIVACIÓN DO PLAN

Calquera persoa que detecte a existencia ou o inicio dun incendio forestal, ou dun incendio agrícola que pola súa progresión ou proximidade poida converterse en incendio forestal, estará obrigado a llo comunicar á autoridade competente, para o que dispón do teléfono único europeo de urxencias 112, ou ben o 085 establecido nos CCP.

Se o aviso se recibe no CAE 112, este comunicarlle a existencia do incendio forestal ao CCP.

O Peifoga será activado en situacións operativas, que son consecuencia dos danos ocorridos ou do dano potencial que, de forma técnica e realista, se prevé que pode chegar a ocasionar (índice de gravidade potencial), así como da dispoñibilidade de medios e recursos dispostos, tendo en conta ademais outros criterios relativos a:

- A simultaneidade temporal e/ou a concentración espacial de conatos ou incendios forestais que puidesen ter lugar nun espazo territorial determinado.
- A suficiencia, idoneidade e disposición dos medios e recursos cos que conte o plan para o control do incendio e/ou para a atención e o socorro da poboación afectada.
- A estacionalidade temporal, así como a activación e a posta en servizo dos dispositivos de prevención e extinción de incendios forestais determinados nos plans.
- Outras circunstancias de índole administrativa por razón do espazo territorial afectado ou pola intensidade e/ou a gravidade das consecuencias sobrevidas ou potenciais sobre persoas e os seus bens.
- Calquera outra a criterio da autoridade a quen corresponda a dirección do plan activado correspondente.

A avaliación do incendio é permanente e efectúaa o director técnico de extinción con base nos datos adquiridos sobre o propio terreo, cartografía, tipo de combustible, infraestruturas, seguimento das actuacións dos medios humanos e materiais de que se dispoñen, as medidas que se foron aplicando e os prognósticos meteorolóxicos que afectan o seu desenvolvemento. Como consecuencia desta avaliación, determinarase o índice de gravidade potencial do incendio e os novos medios que se han empregar ou as accións que se executarán para a extinción do incendio.

O índice de gravidade potencial dos incendios será establecido polo centro de coordinación central do SPDCIF, coa avaliación que realice o director técnico de extinción.

Atendendo aos criterios anteriores, as situacións operativas do Peifoga son:

Situación 0: situación de emerxencia provocada por un ou varios incendios forestais que, na súa evolución previsible, poidan afectar só bens de natureza forestal e que poidan ser controlados cos medios e recursos do propio plan local ou da comunidade autónoma, e mesmo con medios do Estado, a condición de que estes últimos actúen dentro da súa zona de actuación preferente.

A situación 0 corresponderá con carácter xeral a incendio/s con IGP0.



Situación 1: situación de emerxencia provocada por un ou varios incendios forestais que, na súa evolución previsible, poidan afectar gravemente bens forestais e, se é o caso, que poidan afectar levemente a poboación e os bens de natureza non forestal e que poidan ser controlados cos medios e recursos do plan da comunidade autónoma, ou para cuxa extinción poida ser necesario que, a solicitude do órgano competente da comunidade autónoma e tras a valoración pola Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior ou da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e Política Forestal do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, segundo corresponda, sexan incorporados medios extraordinarios.

O plan activarase en situación 1 para incendios IGP0, cando sexa necesaria a incorporación de medios extraordinarios, ou ben para incendios IGP1, declarados así porque o dano esperado é considerable, ben pola extensión do incendio, ben polas características da masa afectada, pero nos que non é necesario poñer en práctica medidas de protección dirixida á poboación allea ao dispositivo de extinción, e pode ser ou non necesaria a incorporación de medios extraordinarios.

Situación 2: situación de emerxencia provocada por un ou varios incendios forestais que, na súa evolución previsible, poidan afectar gravemente a poboación e os bens de natureza non forestal, e que esixa a adopción inmediata de medidas de protección e socorro (pode ser necesario que, a solicitude do órgano competente da comunidade autónoma, sexan incorporados medios extraordinarios) ou que poidan comportar situacións que deriven cara ao interese nacional.

O plan activarase en situación 2 para incendios IGP1 ou superiores cando a cualificación veña motivada pola afección á poboación e bens de natureza non forestal (vías principais de comunicación, redes principais de subministración) e sexa necesaria a adopción de medidas de protección á poboación, tales como afastamento, evacuación e/ou albergue.

A cualificación da situación operativa do plan será declarada polo CCC do SPDCIF para as situacións 0 e 1, a proposta do director técnico de extinción, e polo delegado territorial da provincia afectada para situación 2, a proposta do CCC do SPDCIF. Esta situación poderá variar de acordo coa evolución do incendio. Así mesmo, a situación operativa 1 será comunicada ao organismo competente en materia de protección civil.

Situación 3: situación de emerxencia correspondente e consecutiva á declaración de emerxencia de interese nacional polo Ministerio do Interior. Efectuarase por propia iniciativa ou a instancia do conselleiro competente en materia de protección civil ou do delegado do Goberno en Galicia.

2.- PROCEDEMENTO DE ACTIVACIÓN

ACTIVACIÓN DO PLAN EN SITUACION 0

O plan atópase activado en situación 0 a partir do momento en que se detecta un incendio forestal. Nestes casos, actuarase segundo os procedementos establecidos no Pladiga, dependente da consellería competente en materia forestal, que deberá ser redactado conforme ao Peifoga.



ACTIVACIÓN DO PLAN EN SITUACION 1

En incendios IGP0, cando sexa necesaria a incorporación de medios extraordinarios, ou ben en incendios IGP1, declarados así porque o dano esperado é considerable, ben pola extensión do incendio, ben polas características da masa afectada, pero nos que non é necesario poñer en práctica medidas de protección dirixidas á poboación allea ao dispositivo de extinción, e poden ser ou non necesarios a incorporación de medios extraordinarios, activarase o plan en situación 1.

O procedemento será o seguinte:

O técnico de garda no CCC informará a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior a través do CAE112 e indicará os datos do incendio e o motivo da declaración da situación 1.

En caso de que sexa necesaria a incorporación de medios extraordinarios, o CCC enviará a información contida no anexo II.

O técnico de garda do sistema integrado de emerxencias de Galicia informará a través do CAE112, segundo o procedemento, a:

Director xeral

Xerente de Axega

Subdirector xeral de Planificación e Protección Civil

Delegado territorial da provincia afectada

Responsable do servizo de emerxencias da provincia ou persoa que o substitúa

A mobilización e a integración dos medios extraordinarios efectuarase conforme se establece no Plan estatal de protección civil para emerxencias por incendios forestais. O procedemento para a mobilización dos medios e recursos da Administración xeral do Estado será o seguinte:

- A solicitude de colaboración das Forzas Armadas, incluída a Unidade Militar de Emerxencias, efectuarase o Ministerio do Interior a través da Dirección General de Protección Civil y Emergencias, a requerimento do director xeral de Emerxencias e Interior, segundo o procedemento e/ou o protocolo establecido, con coñecemento da Delegación de Goberno en Galicia.
- Os medios do ministerio competente en apoio á loita contra incendios forestais non asignados ao plan solicitaranse desde a dirección de plan, segundo o procedemento establecido.
- Os medios de titularidade estatal (recursos extraordinarios da Garda Civil, Corpo Nacional de Policía e outros) serán mobilizados polo delegado do Goberno en Galicia ante a petición realizada da dirección do plan.
- A axuda internacional será mobilizada segundo establece o plan estatal.

ACTIVACIÓN DO PLAN EN SITUACIÓN 2

En incendios IGP1, nos que se prevexa a necesidade de poñer en práctica medidas de protección á poboación allea ao dispositivo de extinción, podendo ser ou non necesarios a incorporación de medios extraordinarios, activarase o plan en situación 2.

O procedemento será o seguinte:

Unha vez determinada polo CCC, a proposta do director técnico de extinción, a necesidade de poñer en práctica de medidas de protección dirixidas á poboación, procederá a solicitar a declaración de situación 2 do Peifoga, e trasladará ao técnico de garda do sistema integrado de emerxencias o motivo da solicitude: persoas ou bens ameazados, posibilidade de evacuación, cortes de estradas, ferrocarril etc.



Unha vez declarado polo delegado territorial a situación 2, comunicárase a:

- . Alcalde/sa do municipio
- . Xefe/a territorial de Presidencia
- . Xefe/a territorial de Medio Rural
- . Xefe/a de emerxencias da provincia ou persoa que o substitúa
- . Delegación e Subdelegación do Goberno
- . Dirección Xeral de Emerxencias e Interior
- . Axega
- . CCC

E mobilizaranse os grupos operativos previstos, segundo as necesidades:

Sanitaria

Apoio loxístico e seguridade

Medios de intervención non adscritos á situación 0 e 1.

Medios extraordinarios, sempre a solicitude do CCC, que remitirá ao CAE112 a información contida no anexo II. A mobilización de medios extraordinarios levarase a cabo segundo o determinado na situación 1.

Unha vez que o incendio deixe de poñer en perigo persoas e/ou bens de natureza non forestal, e cando o delegado territorial desactive a situación 2, o técnico de garda comunicarllo a:

- . Alcalde/sa do municipio.
- . Xefe/a territorial de Presidencia
- . Xefe/a territorial de Medio Rural
- . Xefe/a de Emerxencias da provincia ou persoa que o substitúa
- . Delegación e Subdelegación do Goberno
- . CCC

A desactivación da situación será transmitida aos responsables dos grupos operativos que fosen mobilizados.

ACTIVACIÓN DO PLAN EN SITUACIÓN 3

Situación 3: situación de emerxencia correspondente e consecutiva á declaración de emerxencia de interese nacional polo ministro do Interior. Será establecida a proposta do director xeral competente en materia de protección civil ou ben do ministerio.

A activación do plan en situación 3 implicará que:

- .- Se activa o correspondente plan estatal.
- .- Se establece o comité de dirección, formado polo delegado do Goberno en Galicia e polo director xeral de Emerxencias e Interior.
- .- Se constitúe o CECOPI.

3.- OPERACIÓNS BÁSICAS QUE SE HAN REALIZAR SEGUNDO A SITUACIÓN DO PLAN

Na planificación de protección civil ante o risco de incendios forestais, haberán de recollese, de acordo coas especificacións funcionais correspondentes a cada nivel de planificación, as



actuacións necesarias para a protección de persoas, bens e o medio ambiente en caso de emerxencia e, fundamentalmente, as seguintes:

- Ataque e extinción: realizarase polo grupo de intervención, conforme aos procedementos e técnicas establecidos para deter o avance do incendio, controlalo e extinguilo baixo o mando directo do director técnico de extinción.
- Control de accesos e regulación do tráfico.
- Tarefas de salvamento e evacuación das persoas afectadas.
- Asistencia sanitaria e, se é o caso, control sanitario da poboación potencialmente afectada, en particular de grupos especialmente vulnerables (grupos críticos).
- Medidas de protección e, se é o caso, afastamento da poboación das zonas de perigo.
- Sistemas de avisos e información á poboación.
- Restablecemento dos servizos básicos da comunidade que puidesen verse afectados.

LIQUIDACIÓN E DECLARACIÓN DE FIN DE EMERXENCIA

Unha vez controlado o incendio, correspóndelle ao director técnico de extinción determinar o número e a distribución de medios que han de facer os labores de liquidación e vixilancia da zona afectada para evitar que o incendio se reproduza.

A declaración da fin da emerxencia correspóndelle á dirección do plan. En todos os casos, o final da emerxencia será transmitida aos responsables dos grupos operativos que fosen mobilizados.

4. MEDIDAS DE PROTECCIÓN Á POBOACIÓN

Unha vez determinado polo director de extinción o alcance do incendio forestal e as zonas onde se procederá a realizar as tarefas de extinción, de rescate, e outras que poidan derivar da emerxencia, definirase a resposta que hai que tomar en cada caso.

Para a determinación da avaliación da emerxencia, o director do plan e a dirección técnica de extinción dispoñerán de diferentes fontes de información:

- A procedente do CAE 112 e dos municipios afectados.
- A facilitada polo comité asesor.
- A facilitada polos grupos operativos.

Con estes datos, o director técnico de extinción determinará a zona de emerxencia e, se é o caso, definirá as zonas de actuación prioritaria.

CONTROL DE ACCESOS

O control de accesos ten como obxectivo controlar as entradas e as saídas de persoas e vehículos da zona de emerxencia. Con este control preténdese:

- Facilitar a entrada e a saída dos grupos operativos na zona de emerxencia.
- Establecer o control do tráfico e a disposición dos vehículos dos diferentes grupos que chegan ao posto de mando ou ao centro de recepción de medios.
- Evitar a entrada na zona de emerxencia de persoal non adscrito ao plan.
- Realizar os cortes e os desvíos que correspondan para lles evitar danos ás persoas e aos vehículos polo acceso a vías inseguras.
- Minimizar o efecto da emerxencia sobre a normalidade do tráfico e a seguridade viaria.

A aplicación desta medida implica cortar, desviar e controlar o tráfico na zona afectada e é basicamente responsabilidade dos integrantes da unidade técnica de seguridade, de acordo co seu plan de actuación e en coordinación cos titulares ou xestores das vías afectadas.



CONFINAMENTO

Acción que consiste en levar a cabo o refuxio planificado da poboación nun lugar seguro para iso, que pode ser o seu propio domicilio ou outro lugar máis adecuado.

A orde de confinamento darase exclusivamente cando pola rapidez de propagación do incendio forestal sexa imposible proceder á evacuación da poboación. Debe complementarse coas chamadas medidas de autoprotección persoal. A decisión de confinar a poboación tomaraa o director do plan, de acordo co alcalde e a proposta do director técnico ou de extinción.

A notificación á poboación da orde e a súa execución e dirección será asumida pola unidade técnica de apoio loxístico, co apoio da unidade técnica de seguridade, con recursos propios, recursos locais ou solicitados ao CAE 112.

EVACUACIÓN E/OU AFASTAMENTO

Consiste no posible traslado de persoas que se atopen na zona de emerxencia, con dificultades de supervivencia, a un lugar seguro. Por tratarse dunha medida de máis longa duración, a evacuación só se xustifica se o perigo ao que está exposta a poboación é grande e prolongado no tempo.

Os diversos plans de emerxencia municipais, plans de actuación e de autoprotección deben prever a determinación das zonas poboadas con risco potencial de incendio forestal, os seus mecanismos de aviso e alerta, a información, as súas vías de evacuación, os puntos de encontro e os lugares adecuados de aloxamento en caso de evacuación.

A decisión de evacuar e/ou de afastar a poboación tomaraa o director do plan, de acordo co alcalde afectado e a proposta do director técnico de extinción. En caso de ameaza de perigo inmediato sobre vivendas ou núcleos poboados, as medidas de protección serán ordenadas e realizadas polo mando do grupo de seguridade, coa notificación inmediata ao PMA ou á dirección do plan a través do CAE112.

A notificación á poboación da orde e a súa execución e dirección será asumida polo grupo de loxística co apoio do grupo de seguridade, con recursos propios, recursos locais ou solicitados ao CAE 112 desde o CECOPAL.

Unha vez realizada a evacuación e coa poboación afectada nun lugar seguro, será o grupo de loxística do plan, coa dirección do concello afectado, o responsable de coordinar todos os labores do grupo.

INFORMACIÓN Á POBOACIÓN DURANTE A SITUACIÓN DE EMERXENCIA

Os principais obxectivos que se pretenden conseguir cos avisos e a información á poboación son os seguintes:

- Alertar e informar a poboación.
- Asegurar a autoprotección.
- Mitigar as consecuencias do accidente.

O gabinete de información previsto na estrutura do plan ten a función de elaborar os avisos e de informar a poboación sobre o risco e sobre as medidas de autoprotección que deben tomarse en cada momento.

Nun primeiro momento, poderán utilizarse sistemas de megafonía cos que se poderá informar a poboación das medidas de protección de aplicación inminente ou, en casos especiais, porta a porta polos medios do grupo de seguridade.

Estes sistemas de megafonía deberán estar previstos no Plan municipal de emerxencias e hanse dotar deles as forzas da orde pública do municipio.



Nun segundo momento, os avisos á poboación efectuaranse a través dos medios de comunicación social (radio, televisión, internet) e facilitaranse as mensaxes que ha difundir o gabinete de información.

5.- MEDIDAS DE PROTECCIÓN PARA OS GRUPOS OPERATIVOS

Estas medidas nos incendios forestais baséanse en:

- Asegurar que todos os grupos operativos dispoñen dos equipos persoais de intervención EPIS homologados, de acordo coas funcións que se van desenvolver no plan.
- Que os grupos operativos dispoñan da formación adecuada para a execución das operacións, así como que coñezan as consignas básicas de protección persoal en intervencións con incendios forestais.

No caso de que se produza un incendio forestal, cada responsable dos grupos operativos terá a máxima responsabilidade sobre o equipamento de protección persoal dos membros do seu grupo e ha de asegurar que todos os membros dispoñan de protección fronte aos riscos.

6.- COORDINACIÓN ENTRE O PEIGOGA E O PLAN ESTATAL DE INCENDIOS FORESTAIS

ÓRGANOS DE COORDINACIÓN E TRANSFERENCIA DE RESPONSABILIDADES DE DIRECCIÓN EN EMERXENCIAS

Cando por motivo dun ou varios incendios forestais se cualificou a situación 3, e así o solicite o conselleiro competente en materia de protección civil e, en todo caso, cando a situación sexa declarada de interese nacional, as funcións de dirección e coordinación da emerxencia serán exercidas a través do centro de coordinación operativa que corresponda, e quedará constituído para estes efectos como centro de coordinación operativa integrado (CECOPI).

Cando se constitúa o CECOPI, a dirección do Peifoga será exercida dentro dun comité de dirección formado polo conselleiro competente en materia de protección civil e o delegado do Goberno en Galicia.

Corresponderalle ao representante designado pola comunidade autónoma no comité de dirección o exercicio das funcións de dirección que, para lle facer fronte á situación de emerxencia, lle sexan asignadas no plan de comunidade autónoma.

Cando a emerxencia sexa declarada de interese nacional, a función da dirección do plan da comunidade autónoma recaerá sobre o delegado do Goberno, en coordinación co órgano competente da comunidade autónoma, de conformidade co que estableza o plan estatal para o caso.

O comité de dirección contará para o desempeño das súas funcións coa asistencia dun comité asesor e dun gabinete de información.

INFORMACIÓN SOBRE SUCESOS E PREVISIÓNS DE RISCO

Aínda naquelas circunstancias que non esixan a constitución dos órganos a que se refire o punto anterior, os procedementos que se establezan nos plans deberán asegurar a máxima fluidez informativa entre estes, tanto sobre as previsións de risco coma sobre o acontecemento de sucesos que poidan incidir na activación ou no desenvolvemento dos plans e das operacións de emerxencia.



En particular, a organización do plan estatal facilitaralles aos órganos de dirección do Peifoga os datos e as informacións que, para o correspondente ámbito territorial, deriven do sistema de información meteorolóxica e de estimación do risco de incendio forestal.

Corresponderalle ao órgano de dirección do Peifoga, na situación que corresponda, facilitarlle aos órganos que se prevexan no plan estatal a información sobre o índice de gravidade potencial dos incendios forestais, así como as situacións operativas declaradas dos plans de emerxencia activados no ámbito territorial correspondente. A prol de conseguir un fluxo óptimo de información desde que o incendio forestal sexa declarado cun índice de gravidade potencial IGP 1, notificaráselle á Administración xeral do Estado, independentemente de que se soliciten ou non medios extraordinarios.



IMPLANTACIÓN E MANTEMENTO

1. IMPLANTACIÓN DO PLAN

Unha vez aprobado o plan, a consellería competente en materia de protección civil e o resto de organismos e departamentos implicados na operatividade do plan desenvolverán todas as actuacións necesarias para a súa implantación e o posterior mantemento da súa operatividade.

Enténdese por implantación do plan o conxunto de accións que se han desenvolver nunha primeira fase, co fin de que o plan sexa un documento plenamente operativo e coñecido por todos os recursos que deben de intervir na emerxencia.

A implantación consta das seguintes fases:

- Difusión do plan
- Verificación da infraestrutura do plan
- Formación do persoal dos organismos implicados
- Información á poboación

Tras a entrada en vigor do plan, o proceso de implantación iniciárase coa distribución deste a todos os organismos implicados. Para iso, a dirección xeral competente en materia de protección civil procederá a efectuar esta remisión, incluídos os municipios das zonas de risco, que deberán elaborar o PAM para este risco.

A medida que se vaian elaborando os plans de actuación municipal, cada municipio comprobará a suficiencia e a idoneidade dos sistemas de avisos á poboación dos que se dispón (dotación ás forzas da orde e, en especial, a Policía local), así como a dotación do CECOPAL e o resto de recursos municipais previstos no PAM.

Así mesmo, os programas de formación impartidos pola Academia Galega de Seguridade, fronte ao risco de incendios forestais, actualizaranse co obxecto de incluír a formación relativa ao plan.

En relación co Pladiga, será actualizado conforme ao establecido no Peifoga, unha vez estea aprobado polo Consello da Xunta.

Correspóndelle a cada organismo a dotación aos seus efectivos do material necesario para o desempeño das funcións que lles asigne o presente plan. O alcalde do municipio, como director do PAM, velará para que os recursos municipais contén cos medios e cos recursos necesarios para o desempeño das súas funcións.

O CAE112 manterá actualizado o catálogo de recursos e o directorio telefónico dos organismos adscritos a este plan.

2. MANTEMENTO DA OPERATIVIDADE DO PLAN

Unha vez finalizada a fase de implantación, o plan especial pasará á fase de mantemento da operatividade.

Enténdese por mantemento da operatividade do plan o conxunto de accións encamiñadas a garantir que os procedementos de actuación previstos neste permanecen vixentes co paso do tempo, de modo que se garante a súa actualización e adecuación a modificacións que ocorran na instalación, na contorna ou nos recursos que interveñen en caso de emerxencia.



O mantemento da operatividade do plan consta das seguintes fases:

Comprobacións periódicas

Formación permanente

Realización de exercicios e simulacros

Revisión e actualización do plan

Unha comprobación consiste na verificación do estado dun equipo adscrito ao plan. Estas comprobacións faranse periodicamente, de acordo co programa establecido polo responsable do organismo propietario do recurso e coas recomendacións do subministrador do equipo.

O persoal a cuxo uso se destine o equipo comprobado será responsable da realización da verificación operativa, así como do mantemento dun rexistro no que se farán constar as comprobacións efectuadas e calquera incidencia que se producise nelas. Establécese unha periodicidade mínima de tres meses.

A formación do persoal implicado recollida na fase de implantación debe ser un labor continuado que se levará a cabo a través dos programas de formación da Academia Galega de Seguridade.

Para asegurar que a operativa descrita no plan continúe vixente, a consellería competente en materia de protección civil organizará exercicios ou simulacros en coordinación co resto dos organismos implicados.

As actualizacións realizaranse con periodicidade anual e dirixiranse basicamente á incorporación de modificacións de carácter ordinario e con relación a aspectos tales como:

Estruturas organizativas

Cambios en nomeamentos e asignacións

Dispoñibilidade e asignación de recursos

Adecuación de procedementos operativos

Adecuación dos sistemas e medios de comunicacións

Adecuación dos sistemas e procedementos de avisos e de comunicación á poboación

Sistemas informáticos aplicados á xestión da emerxencia

As revisións están dirixidas á reestruturación e á complementación do plan con relación a cambios destacables nos contidos deste, motivados por causas técnicas ou de ordenación administrativa ou lexislativa. A súa periodicidade será de cinco anos, salvo razón motivada. As revisións poden dar lugar a unha nova tramitación do plan.

Toda aquela alteración no contido do plan que afecte a súa organización deberá ser comunicada coa suficiente antelación, co fin de manter a vixencia e a operatividade deste. O devandito compromiso esténdese a todos os organismos e entidades que participan no plan.

Correspóndelle á consellería competente en materia de protección civil a revisión e a actualización do plan, así como a difusión aos responsables dos organismos intervinientes.



3. INFORMACIÓN Á POBOACIÓN

Dentro da fase de implantación, e en especial na fase de mantemento da operatividade, deberá seguirse unha política informativa para a divulgación do plan entre a poboación, co fin de facilitar a familiarización desta coas medidas de protección recollidas nel.

A devandita política informativa irá orientada a dar información:

a) Sobre os riscos derivados dos incendios forestais: será unha información de tipo preventivo e na liña de conseguir unha concienciación da poboación informando a poboación sobre as medidas de autoprotección e de protección necesarias en casos de emerxencia.

b) Sobre a emerxencia cando xa se produciu: esta información facilitarase cando xa se produciu o accidente e cando sexa necesario actuar de forma inmediata. Transmitiráselles información á poboación e aos medios de comunicación social, todo iso a través do gabinete de información adscrito ao comité de dirección, na situación correspondente. A poboación debe recibir unha información clara sobre o que ha de facer e evítanse en todo momento as informacións contraditorias que poidan provocar reaccións negativas.

Darase información sobre:

- A situación real da emerxencia
- As medidas de protección
- As previsións sobre a evolución
- En caso de evacuación, informarase sobre como se vai efectuar, o lugar de reunión e as recomendacións que hai que seguir.

**ANEXO I CATÁLOGO DE MEDIOS E RECURSOS**

O Catálogo de medios e recursos é o correspondente ao Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga). Así mesmo, con carácter anual, actualízanse os medios e os recursos correspondentes ao Pladiga, medios que están adscritos a este ben por ser de titularidade autonómica ou en virtude de convenios.

Achégase o catálogo de medios recollidos no Pladiga 2018.

PLADIGA 2018. GALICIA					
CATEGORÍAS			RISCO		
			Baixo	Medio	Alto
MEDIOS DE ACTUACIÓN	PERSOAL LABORAL	BRIGADAS DE TERRA	82	134	134
		BRIGADAS HELITRANSPORTADAS	0	4	6
		VIXILANCIA MOBIL 1ª INTERVENCIÓN	0	5	5
	TOTAL PERSOAL LABORAL		82	143	145
	CONTRATACIÓN EMPRESA PÚBLICA	BRIGADAS DE TERRA	0	0	125
		C. PERSOAL MEDIOS AEREOS	0	6	16
	TOTAL CONTRATACIÓN EMPRESA PÚBLICA + MEDIOS AEREOS		0	6	141
	CONVENIO	GES	28	28	28
		CONCELLOS	0	0	275
	TOTAL CONVENIOS		28	28	303
	TOTAL MEDIOS DE ACTUACIÓN		110	177	589
MEDIOS MATERIAIS	ESTADO	AVIÓNS ANFIBIOS	0	0	2/3
		AVIÓNS DE CARGA EN TERRA	0	0	2
		HELICÓPTEROS KAMOV	0	1	0
		HELICÓPTEROS SOKOL BRIF-A	0	1	2
		HELICÓPTEROS DE VIXILANCIA	0	0	2/4
		U.M.M.T.	0	0	1
	TOTAL MEDIOS ESTADO		0	2	9/12
	XUNTA	AVIÓNS DE CARGA EN TERRA	0	0	0
		HELICÓPTEROS PUMA	1	1	1
		HELICÓPTEROS TIPO MEDIO	0	3	5
		HELICÓPTEROS TIPO LIXEIRO	0	5	9
		HELICÓPTEROS DE COORDINACIÓN	0	1	2
		AVIÓNS DE COORDINACIÓN E VIXILANCIA	0	0	0
	TOTAL MEDIOS AEREOS XUNTA		1	10	17
	XUNTA MEDIOS TERRESTRES	MOTOBOMBAS DO SPOCIF	75	149	156
		CISTERNA NODRIZA	0	0	2
		MAQUINARIA PESADA	0	0	4/17
		U.T.A.	0	1	2
	TOTAL MEDIOS TERRESTRES XUNTA		75	150	164/177
	CONCELLOS, PARQUES COMARCAIS E MUNICIPAIS	MOTOBOMBAS MUNICIPAIS	0	0	84
		MOTOBOMBAS GES	56	56	56
		MOTOBOMBAS PARQUES COMARCAIS E MUNICIP.	62	62	62
	TOTAL CONCELLOS, PARQUES COMARCAIS E PARQUES MUNICIPAIS		118	118	202



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior

PLADISA 2018. GALICIA							
CATEGORÍAS				RISCO			
				BAIXO	MEDIO	ALTO	
PERSONAL	MEDIOS PROPIOS	FUNCIONARIOS	SUBDIRECTORIA	1	1	1	
			XEFESÍAS DE SERVIZO	7	7	7	
			XEFESÍAS DE ÁREA	4	4	4	
			XEFESÍAS DE DISTRITO	19	19	19	
			XEFESÍAS DE SECCIÓN	3	3	3	
			XEFÍA DE UNIDADE TÉCNICA	8	8	8	
			TÉCNICASÍAS DE DISTRITO	63	63	63	
			AXENTES TERRITORIAIS	63	63	63	
			AXENTES ZONAIS	125	125	125	
			AXENTES	199	199	199	
		LABORAIS FIXOS	BOMBROÍA FORESTAL XEFÍA DE BRIGADA	84	84	84	
			BOMBROÍA FORESTAL OFICIALÍA	46	46	46	
			BOMBROÍA FORESTAL CONDUCTORÍA	82	82	82	
			BOMBROÍA FORESTAL	410	410	410	
			BOMBROÍA FORESTAL C. MOTOBOMBA	82	82	82	
			OFICIALÍA 2ª MECÁNICO	11	11	11	
			EMBROISTAS	54	54	54	
			OPERADORA-CODIFICADORA	48	48	48	
			VIXILANTES FIXOS	60	60	60	
		FIXOS DISCONTINUOS 9 MESES	BOMBROÍA FORESTAL XEFÍA DE BRIGADA	0	56	56	
			BOMBROÍA FORESTAL OFICIALÍA	0	16	16	
			BOMBROÍA FORESTAL CONDUCTORÍA	0	86	86	
			BOMBROÍA FORESTAL	0	292	292	
			BOMBROÍA FORESTAL C. MOTOBOMBA	0	85	85	
			OFICIALÍA 2ª MECÁNICO	0	0	0	
			EMBROISTAS	0	51	51	
			VIXILANTES FIXOS	0	40	40	
		FIXOS DISCONTINUOS 3 MESES	TÉCNICÍA SUPERIOR	0	0	1	
			TÉCNICÍA BRIGADA HELIT.	0	0	5	
			BOMBROÍA FORESTAL XEFÍA BRIG. HELIT.	0	0	2	
			BOMBROÍA FORESTAL CONDUCTORÍA BRIG. HELIT.	0	0	2	
			BOMBROÍA FORESTAL BRIGADA HELIT.	0	0	16	
			BOMBROÍA FORESTAL C. MOTOBOMBA	0	0	262	
			EMBROISTAS	0	0	69	
			OPERADORA-CODIFICADORA	0	0	6	
			VIXILANTES FIXOS	0	0	73	
			TOTAL			1.389	1.995
		CONTRATACIÓN EMPRESA PÚBLICA	XEFÍA DE BRIGADA	0	0	125	
			PEÓNIA CONDUCTORÍA	0	0	125	
			PEÓNIA DE BRIGADA	0	0	250	
		CONTRATACIÓN PERSONAL MEDIOS AERIOS	TÉCNICÍA DE BRIGA. HELIT.	0	6	16	
			XEFÍA DE BRIGADA HELIT.	0	2	8	
			PEÓNIA CONDUCTORÍA BRIG. HELIT.	0	8	24	
			PEÓNIA DE BRIGADA HELIT.	0	24	84	
			EMBROISTA	0	6	16	
		TOTAL EMPRESA PÚBLICA+MEDIOS AERIOS			0	46	648
	ESTADO	BRIGADAS DE LABORES PREVENTIVAS (BLP) E BRIGADAS DE REFORZO DE INCENDIOS FORESTALS (BRF)	XEFÍA BRF (TÉCNICO)	1	1	1	
			SUBXEFÍA BRF (TÉCNICO)	0	1	2	
			TÉCNICÍA DE BASE	0	2	2	
			PREPARADORA FÍSICO	1	1	1	
			CARRATAZ	5	5	6	
			PEÓN ESPECIALISTA	45	45	45	
			EMBROISTA	0	2	2	
		TOTAL ESTADO			52	57	59
	CONCELLOS, PARQUES COMARCAS E PARQUES MUNICIPAIS	CONCELLO	XEFÍA DE BRIGADA	0	0	275	
			PEÓNIA CONDUCTORÍA	0	0	275	
			PEÓNÍAS	0	0	963	
			C. MOTOBOMBA	0	0	252	
		GES	XEFESÍAS BRIGADA	84	84	84	
			PEÓNÍAS	282	282	282	
		P. COMARCAS E MUNICIPAIS	BOMBROS	498	498	498	
			TOTAL CONCELLOS, PARQUES COMARCAS E MUNICIPAIS			864	864
	TOTAL PERSONAL				2.285	2.962	5.767



ANEXO II. MODELOS DE COMUNICACIÓN

SOLICITUD DE INTERVENCIÓN DE LA UNIDAD MILITAR DE EMERGENCIAS

1. DATOS DE LA SOLICITUD		
Comunidad Autónoma		
Fecha y Hora		
Autoridad Solicitante:		
Persona de Contacto Permanente:		
Cargo:		Tfno: Móvil
Fax:	E-mail	Adjunta Informe: ☐ SI ☐ NO

2. DATOS DE LA EMERGENCIA		
☐ Incendio Forestal	☐ Inundación	☐ Vialidad Invernal
☐ Otra	Indique Cual:	
Nivel ó Situación		
☐ Sin Declarar	☐ Situación 0	☐ Situación 1 ☐ Situación 2 ☐ Situación 3
Constitución CECOPI		☐ SI ☐ NO
		Fecha y Hora
<i>(Indíquese Municipio, Edificio, o Dirección Completa)</i>		
Ubicación Actual		
Tfn Cecopi	Fax Cecopi	Email

3. INTERVENCIÓN QUE SE SOLICITA			
Lugar/Lugares de Intervención	Provincia	Municipio	Tipo de Intervención <i>(Indíquese)</i>
<i>1. Extinción de incendios con medios terrestres. 2. Extinción de incendios con medios aéreos. 3. Achique y Bombeo de Agua. 4. Suministro de Agua Potable 5. Suministro de Generadores Eléctricos</i>		<i>6. Búsqueda y rescate de personas en alta Montaña. 7. Búsqueda y rescate en medio acuático. 8. Rehabilitación de Infraestructuras de Emergencia. 9. Transporte de Personas y/o materiales. 10. Atención de Albergues y/o suministro alimentos.</i>	

4. Autoridad	
Nombre y Cargo	
Firma:	
Enviar por correo electrónico	

ANEXO

ELEMENTOS BÁSICOS PARA A PLANIFICACIÓN; ANÁLISE DO RISCO: PERIGO, VULNERABILIDADE E ZONIFICACIÓN DO TERRITORIO

XULLO 2018

ANEXO: Elementos básicos para a planificación; Análise do risco: perigo, vulnerabilidade e zonificación do territorio.

Co obxecto de planificar a escala autonómica os factores que facilitan a ignición do incendio forestal e contribúen a súa posterior propagación, có presente traballo elaborouse material cartográfico representativo da problemática dos incendios forestais en Galicia.

Concretamente obtívose un mapa de perigo baseado nos datos rexistrados na estatística xeral de incendios forestais para Galicia durante o período 2007-2016. Para o análise do perigo utilízanse unha serie de índices que modelizan os distintos aspectos dun incendio e se clasifican segundo a súa resolución espacial e o seu alcance temporal, sendo neste caso índices locais e estáticos (índices de frecuencia, gravidade e causalidade).

Por outro lado confeccionouse un mapa de vulnerabilidade a partires do modelo dixital do terreo, modelos de combustible, densidade poboacional, infraestruturas e bens medio ambientais.

O mapa final de risco potencial obtido como intersección dos dous anteriores, resalta as áreas mais problemáticas a nivel autonómico dende o punto de vista dos incendios forestais, sobre os que poderase focalizar a análise dos factores negativos que actúan sobre eles podendo así recomendarse posibles medidas para corrixilos ou a lo menos minimizalos.

O obxectivo deste anexo é explicar a metodoloxía de cálculo empregada para analizar o risco potencial de incendios forestais, de xeito que a cartografía obtida sexa coherente cos obxectivos de xestión, o que depende das características da área estudada, da información de que se dispón e da análise realizada.

Obxectivos

1. Realización dun mapa de perigo local, baseado na base de datos de incendios forestais dispoñibles para Galicia no período 2007-2016.
2. Obtención dun mapa de vulnerabilidade do medio que identifique as estruturas forestais de maior fragilidade por municipio ante a ocorrencia de incendios.
3. Confección dun mapa de risco potencial, mediante a intersección dos dous anteriores.

Metodoloxía

Preténdese identificar e localizar a escala autonómica aquelas zonas onde é mais probable que aconteza un incendio forestal e, en caso de que este suceda, onde sexa mais difícil o seu control e maior o dano ocasionado debido a súa gravidade potencial ou ás propias características do medio. Por tanto definiremos o risco potencial de incendios como unha combinación da análise de perigo local e da vulnerabilidade do sistema forestal en cuestión, ou

o que é o mesmo, para calcular o risco potencial de incendio nos nosos montes, calcularase previamente o perigo e a vulnerabilidade do medio, e por conxunción de ambos avaliar o primeiro.

Índice de Perigo local de incendios

Para avaliar o Perigo local utilizáronse os datos facilitados polo “Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais” (SPDCIF), pertencente á Consellería do Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia.

En concreto, desta base de datos extraéronse os partes de todos os incendios producidos na Comunidade Autónoma durante os últimos 10 anos dispoñibles (2007-2016) para proceder a súa análise.

Ditos datos atópanse referidos a cada un dos 315 termos municipais da comunidade, realizando as diferentes operacións estatísticas referidas sempre a estas delimitacións xeográficas coa intención de mellorar a representatividade dos parámetros obtidos na visualización dos mapas resultantes.

Co obxecto final de obter unha representación coa distribución do perigo local de incendios forestais, procedeuse ao cálculo preliminar dos índices de frecuencia, gravidade e causalidade, como integrantes do primeiro e cuxa metodoloxía de obtención expónse a continuación.

Índice de frecuencia de incendios

O índice de risco espacial ou índice de frecuencia reflexa a frecuencia media anual de incendios nun ámbito xeográfico determinado, sendo os datos manexados referidos ao termo municipal, o resultado obtido para este índice será por municipio. Ao ter diferentes extensións de superficie cada municipio, dividiuse o resultado obtido pola superficie forestal municipal (Sup_{fm}) para poder representar os resultados. Por tanto, será un indicador da probabilidade de que ocorra un incendio forestal no ámbito xeográfico municipal.

$$F_i = \frac{1}{a} \sum_1^a n_i / Sup_{fm}$$

Onde:

F_i = Frecuencia de incendios

a = Número de anos da serie de datos utilizada (10 anos)

n_i = Número de incendios en cada ano da serie referidos a cada municipio

SUP_{fm} = Superficie forestal do municipio

Determinase por termo municipal e o resultado clasifícase en rangos (*táboa 1*).

Frecuencia	Índice de frecuencia (F_i/Sup_{fm})	Indicador
Moderada	<0,249	1
Alta	0,250 – 0,749	2
Moi alta	>0,750	3

Táboa 1— Clasificación do índice de frecuencia.

Índice de gravidade de incendios

O índice de gravidade representa a porcentaxe anual de superficie queimada respecto á superficie forestal total.

Do mesmo modo que no caso do índice de frecuencia, este índice de gravidade tamén se determina por termo municipal. Neste caso, enténdese como a porcentaxe de superficie forestal (tanto arborada como non arborada) queimada anualmente con respecto á superficie forestal existente no termo municipal. Calcúlase mediante a seguinte expresión:

$$I_g = \frac{1}{a} \sum_{1}^a \frac{S_{FQi}}{S_{FT}} \times 100$$

Onde:

I_g = Índice de gravidade

a = Número de anos da serie de datos

S_{FQi} = Superficie forestal queimada no período

S_{FT} = Superficie forestal total

O resultado clasifícase en rangos (*táboa 2*).

Gravidade	Índice de gravidade (I_g)	Indicador
Moderada	<0, 299	1
Alta	0,300 – 2,999	2
Moi alta	>3,000	3

Táboa 2— Clasificación do índice de gravidade.

Índice de causalidade de incendios

O índice de causalidade é un indicador da probabilidade de que un foco orixinado por unha causa determinada chegue a converterse nun incendio forestal de maior perigo. A expresión utilizada será a seguinte:

$$C_i = \frac{1}{a} \sum_{1}^a \frac{\sum c \cdot n_{ic}}{n_i}$$

Onde:

C_i = Índice de causalidade

a = Número de anos da serie de datos utilizada

c = Coeficiente de perigosidade específica de cada causa

n_{ic} = Número de incendios de cada causa en cada ano

n_i = Número de incendios cada ano

Determinase por termo municipal e o resultado clasifícase en rangos (táboa 3).

Probabilidade	Índice de causalidade (C_i)	Indicador
Moderada	<0,69	1
Alta	0,70 – 0,89	2
Moi alta	>0,90	3

Táboa 3— Clasificación do índice de causalidade.

Asígnanse uns valores ao coeficiente “ c ” en función da causa que provoca o incendio tendo en conta as características intrínsecas de cada una delas. Canto maior se estima a perigosidade da causa, maior é o valor asignado ao coeficiente “ c ” (táboa 4).

Causa	Coeficiente (c)
Intencionado	10
Neglixencia	7
Descoñecida	6
Sen especificar	5
Outros	5
Queima	4
Reprodución	4
Natural	3
Vertedoiro	1

Táboa 4— Determinación del coeficiente “ c ”.

Análise do Perigo local de incendios

O índice de Perigo local, que aglutina os tres anteriores, é polo tanto un indicador que, baseándose en datos da serie histórica, representa a probabilidade de que se produza un incendio forestal, a súa gravidade relativa en termos de superficie e a perigosidade específica da causa que o orixina.

A intersección dos tres índices (frecuencia-gravidade-causalidade) para obter o mapa de Perigo local efectúase de acordo á seguinte expresión:

$$PL = F_i \cdot I_g \cdot C_i \cdot 1000$$

Onde:

PL = Perigo Local de incendios

F_i = Índice de frecuencia

I_g = Índice de gravidade

C_i = Índice de causalidade

Á hora de seleccionar a operación aritmética que integrase estes tres índices considerouse mais axeitado o produto dos mesmos fronte á suma ou media ponderada, ao considerar que pode realzar aquelas áreas con valores elevados de calquera dos índices citados, de modo que obrigaranos a prestarlles unha especial atención.

A razón de multiplicar o resultado por 1.000 é a de evitar incorrer en erros polo uso de excesivos decimais.

Obtense así a distribución de zonas con diferente Perigo local de acordo á *táboa 5*.

Rango	Índice de Perigo Local (IPL)	Indicador
Moderado	<0,99	3
Alto	1,00 – 14,99	4
Moi alto	>15,00	5

Táboa 5— Clasificación do índice de Perigo local de incendio.

Da clasificación en rangos efectuada obtivemos a zonificación relativa ao Perigo Local de incendios por municipio para Galicia, representada graficamente no mapa correspondente (*Mapa_7_IPL*).

Vulnerabilidade do medio

Trátase de establecer nun determinado territorio o seu grado de susceptibilidade ao deterioro fronte a un incendio forestal. As consecuencias dos incendios forestais son obxecto dunha análise cuantitativa en función dos elementos vulnerables expostos ao fenómeno dos incendios forestais, sendo estes principalmente as persoas, os bens e o medio ambiente.

Os tipos de valores a protexer son os seguintes:

- Persoas:
 - A vida e a seguridade das persoas (I_{pob}).
- Bens:
 - Protección de infraestruturas, instalacións e zonas habitadas (I_{Inf}).
- Medio ambiente:
 - Protección contra a erosión d solo (I_{upe}).
 - Singularidade ecolóxica, valores paisaxísticos e patrimonio natural e biodiversidade (I_{Prot}).

A vulnerabilidade do medio, allea ás estatísticas de incendios, xurde da integración de factores de carácter case permanente no territorio (vexetación, pendente, orientación, zonas singulares), xunto cos relacionados có factor humano (demografía, vías de comunicación, usos do solo) e da unha idea da fragilidade do medio nun lugar determinado. Deste modo a vulnerabilidade estímase a partires de varios factores descritos a continuación, estando os resultados obtidos para cada factor referidos ao ámbito municipal.

Índice Poboacional (I_{pob})

